

CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2014-2015 TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES (En extinción)

(Aprobado polo Consello de Goberno do 27 de marzo de 2014)

1. PERÍODO LECTIVO

O período do curso académico comprenderá desde o 22 de setembro de 2014 ao 21 de setembro de 2015. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

O período de clases para o curso académico 2014/2015 comprenderá:

- Plans antigos (sen créditos LRU) e plans LRU con estrutura anual: do 22 de setembro de 2014 ao 29 de maio de 2015
- Plans LRU con estrutura cuadrimestral:

Primeiro cuadrimestre: desde o 22 de setembro de 2014 ao 16 de xaneiro de 2015

Segundo cuadrimestre: desde o 9 de febreiro de 2015 ao 29 de maio de 2015

3. AVALIACIÓN

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Fin de carreira Extraordinaria de decembro	do 2 ao 17 de decembro de 2014	12 de xaneiro de 2015
Materias do primeiro cuadrimestre	Do 19 de xaneiro ao 6 de febreiro de 2015	20 de febreiro de 2015
Materias do segundo cuadrimestre e anuais	Do 1 de xuño ao 19 de xuño de 2015	3 de xullo de 2015
Setembro	Do 1 ao 11 de setembro de 2015	18 de setembro de 2015

As clases suspenderanse durante o período de avaliación, agás fin de carreira e convocatoria extraordinaria de decembro.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 19 de decembro de 2014 ata o día 6 de xaneiro de 2015 (ambos os dous incluídos); os días 16 e 17 de febreiro de 2015 e desde o día 28 de marzo ao día 6 de abril de 2015 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 26 de xaneiro de 2015, por traslado da festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividades dos centros coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou o seguinte.

Os centros con titulacións non adaptadas ao EEES que todavía impartan docencia poderán acollerse ao calendario académico de grao e de mestrado, tras o acordo da Xunta de Centro e a comunicación posterior á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, que concederá o permiso, se procede, despois das adaptacións necesarias sen que estas produzan alteracións ou modificacións do correspondente plan de estudos publicado no BOE. Os centros que se teñen acollido a esta opción en cursos anteriores tamén deberán comunicalo. Para estes efectos, todos os centros interesados disporán dun prazo máximo que se fixa no 18 de setembro de 2015, para ter realizados os exames correspondentes á convocatoria extraordinaria de setembro, e entregadas e asinadas as actas, de xeito que as referidas titulacións poidan iniciar as súas actividades académicas axustándose no posible ao calendario aprobado para titulacións de grao e mestrado.

Os centros con titulacións non adaptadas ao EEES en fase de extinción completa nas que unicamente existan dereitos a exame, e con fin de mellorar a planificación académica, poderán incorporar como calendario de avaliación o correspondente aos títulos do EEES. Para ese fin a Xunta de Centro adoptará o calendario e o comunicará posteriormente á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 2 páxinas numeradas e seladas, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data 27 de marzo de 2014.

O secretario xeral



Asdo. Carlos Amoedo Souto